



| Guía Docente          |   |                    |  |          |
|-----------------------|---|--------------------|--|----------|
| Datos Identificativos |   |                    |  | 2022/23  |
| Asignatura (*)        | Innovación docente  | Código             | 652603E11  |          |
| Titulación            | 3 Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria: Educación Física   |                    |  |          |
| Descritores           |   |                    |  |          |
| Ciclo                 | Período   | Curso              | Tipo   | Créditos |
| Mestrado Oficial      | Anual   | Primeiro           | Obrigatoria  | 2        |
| Idioma                | CastelánGalego  |                    |  |          |
| Modalidade docente    | Presencial  |                    |  |          |
| Prerrequisitos        |   |                    |  |          |
| Departamento          | Pedagogía e Didáctica   |                    |  |          |
| Coordinación          | Rodríguez Romero, María del Mar   | Correo electrónico | mar.rromero@udc.es                                 |          |
| Profesorado           | Lorenzo Castiñeiras, Juan J.<br>Rodríguez Romero, María del Mar   | Correo electrónico | j.lorenzo.castineiras@udc.es<br>mar.rromero@udc.es |          |
| Web                   |   |                    |  |          |
| Descrición xeral      | A materia persigue que o alumnado interiorice a innovación educativa como unha actitude profesional imprescindible para responder ás exigencias formativas ante o reto da crise ecosocial e apliquen a ?sustancia espiritual? das tecnoloxías dixitais á ensinanza para minimizar a fenda de participación. Asemade, busca facer efectiva a coordinación entre materias para asegurar que pode producirse unha integración de aprendizaxes do módulo xenérico e o módulo específico, o Practicum e o Traballo de Fin de Mestrado. |                    |  |          |

| Competencias / Resultados do título |  |
|-------------------------------------|--|
| Código                              | Competencias / Resultados do título  |
| A3                                  | (CE-G3)Elaborar propostas baseadas na adquisición de coñecementos, destrezas e aptitudes intelectuais e emocionais.  |
| A8                                  | (CE-G8)Promover accións de educación emocional, en valores e formación cidadá  |
| A9                                  | (CE-G9)Participar na definición do proxecto educativo e nas actividades xerais do centro atendendo a criterios de mellora da calidade, atención á diversidade, prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia                                    |
| A20                                 | (CE-E6)Transformar os currículos en programas de actividades e de traballo.  |
| A21                                 | (CE-E7)Adquirir criterios de selección e elaboración de materiais educativos.  |
| A26                                 | (CE-E12)Analizar críticamente o desempeño da docencia, das boas prácticas e da orientación utilizando indicadores de calidade.   |
| A33                                 | (CE-P2) Acreditar un bo dominio da expresión oral e escrita na práctica docente  |
| A34                                 | (CE-P3) Dominar as destrezas e as habilidades sociais necesarias para fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e a convivencia.  |
| C3                                  | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.  |
| C4                                  | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C6                                  | Valorar críticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.  |
| C8                                  | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.  |

| Resultados da aprendizaxe |                                     |
|---------------------------|-------------------------------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título |
|                           |                                     |



|   |   |                          |
|---|---|--------------------------|
| Concebir a innovación educativa como unha actitude profesional imprescindible para responder ás esixencias formativas ante o reto da crise ecosocial e a pandemia e aplicar a &quot;sustancia espiritual&quot; das tecnoloxías dixitais o ensino.   | AP3<br>AP8<br>AP9<br>AP20<br>AP21<br>AP26<br>AP33<br>AP34 | CM3<br>CM4<br>CM6<br>CM8 |
| Asociar a innovación con a investigación permanente para incorporar os retos que teñe a humanidade e o noso planeta dende a xusticia social global: o cambio climático e a pandemia, o xiro dixital, a brecha de participación e a democratización do coñecemento, a igualdade de xénero, a diversidade e a interculturalidade. | AP3<br>AP8<br>AP9<br>AP20<br>AP21<br>AP26<br>AP33<br>AP34 | CM3<br>CM4<br>CM6<br>CM8 |
| Comprender que a innovación trascende a especificidade de cada área de coñecemento e busca superar as tradicionais barreiras entre profesorado, profesorado e alumnado, entre centro educativo e comunidade e entre a &quot;escola? e a vida  | AP3<br>AP8<br>AP9<br>AP20<br>AP26<br>AP33<br>AP34         | CM3<br>CM4<br>CM6<br>CM8 |

| Contidos  |   |
|---|---|
| Temas   | Subtemas  |
| Núcleo 1: Innovación educativa e pedagogías dos coidados para encarar a crise ecosocial global e a pandemia | Innovación educativa, cidadanía innovadora e conciencia global<br>Innovación educativa, brecha de participación, desigualdade invisible e crise ecosocial global<br>Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e Dereitos Humanos<br>Xustiza social global, pedagogías ecofeministas e decolonialistas  |
| Núcleo 2: Innovación educativa para establecer vínculos e promover a reciprocidade profunda                 | A sustancia espiritual das tecnoloxías dixitais na educación secundaria, as pedagogías dixitais e a cultura da converxencia.<br>Profesorado e alumnado como coinvestigadores, o profesorado e a colaboración entre colegas, o traballo en rede (escola/comunidade local/comunidades globais), o currículo integrado e a cultura transversal, a aula sen muros e a escola de espazos abertos (a organización).<br>Escola e vida no planeta |
| Núcleo 3: A innovación educativa en acción  | Proxectos e experiencias de innovación con aprendizaxe baseado en proxectos (ABP)<br>Proxectos e experiencias de innovación dentro das comunidades de aprendizaxe<br>Proxectos e experiencias de innovación dende os ecofeminismos e o decolonialismo   |

| Planificación                 |                               |   |                         |              |
|-------------------------------|-------------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas         | Competencias / Resultados     | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Actividades iniciais          | A3 A8 A9 A21 A26<br>A34 C3 C4 | 1                                       | 1                       | 2            |
| Análise de fontes documentais | C4 C6 C8                      | 2                                       | 6                       | 8            |
| Aprendizaxe colaborativa      | A9 A20 A26 C3                 | 4                                       | 10                      | 14           |



|                        |  |   |    |    |
|------------------------|--|---|----|----|
| Presentación oral      | A3 A33 A34 C3 C4                               | 2 | 2  | 4  |
| Traballos tutelados    | A3 A8 A9 A20 A21<br>A26 A33 A34 C3 C4<br>C6 C8 | 5 | 15 | 20 |
| Atención personalizada |  | 2 | 0  | 2  |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías                  |  |
|-------------------------------|--|
| Metodoloxías                  | Descrición   |
| Actividades iniciais          | Presentación da materia, introdución das fontes de información, descrición das tarefas e os requerimentos de avaliación. Coñecemento dos intereses do estudantado con respecto á innovación.   |
| Análise de fontes documentais | Presentación dos documentos en múltiples formatos e comprensión e análise dos seus contidos.   |
| Aprendizaxe colaborativa      | Traballo en pequeno grupo e posta en común para contrastar puntos de vista sobre a información extraída das fontes documentais e realización do resumo analítico a ter en conta no deseño da proposta de innovación  |
| Presentación oral             | Realización na clase dunha das actividades que forman parte da proposta de innovación elaborada no traballo tutelado con participación obrigatoria de todo o alumnado, tanto na presentación da experiencia de cada grupo como na recepción do resto das experiencias.   |
| Traballos tutelados           | Traballo en grupo que implica o deseño dunha proposta de innovación semellante á da modalidade de proxecto integrado do Trabajo de Fin de Mestrado. Terá unha parte de realización en equipa e outra individual. A estrutura do traballo así como os criterios de avaliación específicos serán presentados na clase. |

| Atención personalizada |   |
|------------------------|---|
| Metodoloxías           | Descrición  |
| Traballos tutelados    | Sesiones de seguimento en clase y en tutorías para apoiar el trabajo tutelado que consiste en el diseño de una propuesta de innovación que se asemeja a un proyecto integrado (modalidad del TFM) |

| Avaliación          |  |  |               |
|---------------------|--|--|---------------|
| Metodoloxías        | Competencias / Resultados                      | Descrición   | Cualificación |
| Presentación oral   | A3 A33 A34 C3 C4                               | Realización na clase dunha das tarefas que forman parte da proposta de innovación elaborada no traballo tutelado, con participación obrigatoria de todo o alumnado tanto na presentación da experiencia de cada grupo como no desenvolvemento do resto das experiencias.<br><br>No caso de non ter acadada a asistencia requirida pactarase co profesorado unha data para a presentación por medios telemáticos. | 30            |
| Traballos tutelados | A3 A8 A9 A20 A21<br>A26 A33 A34 C3 C4<br>C6 C8 | Realización de todas as actividades implicadas no deseño dunha proposta de innovación de xeito grupal. A estrutura do traballo será presentada na clase así como criterios de avaliación específicos.  | 70            |

| Observacións avaliación |
|-------------------------|
|                         |



## Convocatoria de xullo

Rexirase polos mesmos criterios que a 1ª oportunidade.

### Integridade académica:

Os contidos incluídos no traballo deben estar apropiadamente referenciados ao longo do texto e no apartado de referencias usando as normas APA 7ª edición. O texto literal debe declararse usando as normas APA 7ª edición. No parafraseo deben figurar as fontes orixe das ideas que se re-elaboran. A presenza de fontes científicas no traballo é un signo de credibilidade que é requisito imprescindible para demostrar excelencia académica.

### Recoméndase consultar

[www.suagm.edu/umet/biblioteca/pdf/guiarevmarzo2012APA6 taEd.pdf](http://www.suagm.edu/umet/biblioteca/pdf/guiarevmarzo2012APA6 taEd.pdf)

[http://www.ugr.es/plaxio\\_hum/0401 Prevencion. htm](http://www.ugr.es/plaxio_hum/0401 Prevencion. htm)

### Política antiplagio:

As citas e referencias a calquera tipo de texto deben declararse, o uso de texto literal ou ideas doutros autores ou autoras parafraseadas sen declarar a fonte supón o suspenso do traballo en aplicación do artigo 14.4 da normativa académica de avaliacións, cualificacións e reclamacións, aprobada polo Consello de Goberno do 19 de decembro de 2013, na que se indica que "na realización de traballos, ou plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través de internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é o caso, ou permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade".

### Recoméndase consultar:

[http://www.ugr.es/plaxio\\_hum/](http://www.ugr.es/plaxio_hum/)

<http://blogbibliotecas.mecd.gob.es/2015/01/22/plaxio-academico/>

### Composición grupo e traballo individual:

Ao longo da realización do traballo e nas diversas convocatorias de avaliación pode haber variacións na composición dos grupos e no número de persoas que os compoñen segundo criterio do profesorado. Excepcionalmente pode decidirse a realización individual do traballo.

### Asistencia:

A asistencia ás sesións presenciais é obrigatoria.

A cualificación final será a nota do traballo. Se o alumno/a non alcanza o 80% de asistencia non se avaliará o traballo realizado ao longo do curso e a cualificación será de non presentado.

O alumnado que na primeira oportunidade obtivese unha nota inferior a 5 deberá repetir o traballo. Se non alcanzou a porcentaxe de asistencia esixido deberá realizar un exame práctico ou elaborar un traballo de acordo co profesorado. Neste segundo caso, a cualificación final será a media ponderada das notas obtidas, debendo obter en cada parte un aprobado (5).

### Dispensa académica de exención de asistencia

Aqueles alumnos/as con dispensa académica de exención de asistencia serán avaliados do mesmo xeito que aqueles que non cumpran a asistencia do 80% das sesións presenciais. A nota final será a media das cualificacións obtidas, solicitándose en cada unha delas unha nota igual ou superior a 5 sobre 10 para aprobar a materia.

### Linguaxe non discriminatoria

É obrigatorio o uso dunha linguaxe correcta, respectuoso e inclusivo, evitando termos discriminatorios relativos ao xénero, a etnia, a procedencia social, a diversidade funcional, a orientación sexual, etc. O non cumprimento deste requisito carrexará consecuencias negativas na nota de ata un punto menos.

### Transversalidade de xénero e interculturalidade

É altamente recomendable a inclusión da perspectiva de xénero e a interculturalidade na proposta de innovación.



## Bibliografía básica

- Area Moreira, Manuel (2006). Hablemos más de métodos de enseñanza y menos de máquinas digitales: los proyectos de trabajo.. Monográfico ?La investigación escolar salta a la Red?, 79, 26-32.
- Abellán Toledo, Yolanda e Herrada Valverde, Rosario Isabel (2016). Innovación educativa y metodologías activas en educación secundaria: la perspectiva de los docentes de lengua castellana y literatura. Revista Fuentes, 18(1), 65-76, <http://dx.doi.org/10.12795/revistafuentes.2016.i18.04>
- Zubiria-Ferriols, Edurne; Vallet-Bellmunt, Ilu; Bel Oms, Inmaculada (et. al.) (2020). III Jornadas de Innovación Educativa: DIMEU: Herramientas software en educación secundaria y universidad. Publicacions de la Universitat Jaume I
- Beane, James A. (2005). La integración del currículo: el diseño del núcleo de la educación democrática. Madrid: Morata
- Hargreaves, Andy, Earl, Lorna, Ryan, Jim (1998). Una educación para el cambio. Barcelona:Octaedro
- Hargreaves, Andy y Fink, Dean (2008). El liderazgo sostenible. Madrid: Morata
- Wrigley, Terry (2008). Escuelas para la esperanza. Madrid: Morata
- Rudduck, Jean y Flutter, Julia (2007). Como mejorar tu centro dando la voz al alumnado dando la voz. Madrid: Morata
- Lankshear, Colin y Knobel, Michele (2008). Nuevos alfabetismos. Su práctica cotidiana y el aprendizaje en el aula. Madrid: Morata
- Rodríguez Romero, Mar (2003). Las metamorfosis del cambio educativo. Madrid: Akal
- Hargreaves, Andy y Fink, Dean (2006). Estrategias de cambio y mejora en la educación caracterizadas por su relevancia, difusión y continuidad en el tiempo. Revista de Educación, 339(2006), pp.43-58
- Sánchez Asín, Antonio et al. (2009). La sociedad del conocimiento y las TIC: una inmejorable oportunidad para el cambio docente. Pixel-Bit. Revista de Medios y Educación, nº34, pp.179-204
- Salinas Ibáñez, Jesús (2008). Innovación educativa y uso de las TIC. Universidad Internacional de Andalucía
- Rodríguez Romero, Mar (2012). El profesorado en la galaxia digital: como combinar la concentración constructiva con la participación en el mundo. TESI. vol 13, No 2
- Ayers, William y Alexander-Tanner, Ryan (2013). Enseñar, un viaje en cómic . Madrid: Morata
- Eurypedia (). Enciclopedia de los sistemas educativos europeos elaborada por la Red Eurydice. [https://webgate.ec.europa.eu/pfifis/mwikis/eurydice/index.php/Main\\_Page](https://webgate.ec.europa.eu/pfifis/mwikis/eurydice/index.php/Main_Page)
- Eurydice Network (). information on and analyses of European education systems and policies. [http://eacea.ec.europa.eu/education/eurydice/index\\_en.php](http://eacea.ec.europa.eu/education/eurydice/index_en.php)
- Edutopia (). Library of videos showcasing innovation and evidence-based learning practices in K-12 schools. <http://www.edutopia.org/videos>
- Prácticas Innovadoras INTEF (). Difundiendo buenas prácticas. <http://recursostic.educacion.es/heda/web/es/practicas-innovadoras/difundiendo-buenas-practicas>
- Rodríguez Romero, Mar (2012). El profesorado en la galaxia digital. Cómo combinar la concentración constructiva con la participación en el mundo.. Teoría de la Educación: Educación y Cultura en la Sociedad de la Información, 13 (2), 220-245.
- Emakunde (2015). Guía para la incorporación de la perspectiva de género en el curriculum y en la actividad docente de las enseñanzas de régimen especial y de Formación Profesional.. Victoria: Servicio de Publicaciones del País Vasco
- Martín García, Xus (2016). Proyectos con alma. Trabajo por proyectos con servicio a la comunidad.. Barcelona: Editorial Grao
- Susinos, Teresa (2009). Escuchar para compartir. Reconociendo la autoridad del alumnado en el proyecto de una escuela inclusiva.. Revista de Educación, 349, 119-136.
- Connell, Raewyn (1997). Escuelas y justicia social.. Madrid: Morata
- Torres Santomé, Jurjo (2011). La justicia curricular. El caballo de Troya de la cultura escolar.. Madrid: Morata
- Chomsky, Noam (2007). La (des)educación.. Barcelona: Crítica
- Soler Campo, Sandra e Saneleuterio, Elia (2020). Estereotipos de género en los filmes animados: una propuesta de investigación e innovación coeducativa en Secundaria. Actas CIVINEDU 2020, 4th International Virtual. <https://d1wqtxts1xzle7.cloudfront.net/65765744/CIVIN>
- Ramírez-Ramírez, Leticia N. ; Claudio-Martínez , César ; Ramírez-Arias, Valeria (2020). Usabilidad de las TIC en la

Enseñanza Secundaria. Revista Científica Hallazgos21, Vol. 5, Nº. 1, 85-101

- Elisabeth F. Barkley, D. Patricia Cross (2013). Técnicas de aprendizaje colaborativo.. Madrid: Editorial Morata

- Johnson,David W. (2014). La evaluación en el aprendizaje cooperativo: cómo mejorar la evaluación individual a través del grupo. . Madrid: Editorial SM

Proporcionarase bibliografía complementaria en función das necesidades e intereses do alumnado, así como a necesaria para o desenvolvemento dos traballos tutelados en función das temáticas abordadas.



Bibliografía complementaria

## Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

## Observacións

Dispoñibilidade dun dispositivo dixital con conexión a wifi e o uso de Teams.Recoméndase o envío dos traballos telemáticamente e non utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores. Facer un uso sostible dos recursos e da prevención de impactos negativos sobre o medio natural.Ter en contaos principios éticos relacionados coa sostibilidade nos comportamentos persoais e profesionais.A participación na materia de innovación pretende crear unha situación de dobre innovación facendo que os estudantes experimenten o traballo por proxectos e deseñen unha proposta de innovación apoiada no aprendizaxe baseada en proxectos para o que se terán en conta os seguintes principios de procedemento:a. Adaptación dos contidos a problemas reais da práctica da Educación Secundaria.b. Desenvolvemento das competencias dixitais docentesc. Produción de un banco de recursos e experiencias por parte do alumnado facendo uso de recursos dixitais.d. Aplicación de categorías de reflexión e clasificación que podan ser usadas polo alumnado na descrición e análise de experiencias, estudos de caso, materiais, ferramentas, documentos.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías